



**Preguntas frecuentes sobre as axudas PEL 2024**



## Índice

AXUDAS PEL 2024 – NORMAS APLICABLES.....	3
AXUDAS PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2024.....	5
AXUDAS PEL-AUTÓNOMOS 2024.....	10
AXUDAS PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2024.....	12
AXUDAS PEL-PEMES MANTEMENTO 2024.....	17

## AXUDAS PEL 2024 – NORMAS APLICABLES

### Cal é o prazo para presentar a solicitude?

O prazo de presentación das solicitudes das axudas permanecerá aberto **desde o día 22 de xaneiro ás 08:00h ata o día 22 de febreiro de 2024 ás 14:00h**.

### Como se presenta a solicitude?

A solicitude soamente poderase presentar de maneira telemática a través da plataforma **SUBTeL**: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

A entidade **deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico** de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente e, de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación a través de Documentación Adicional no expediente da plataforma SUBTeL ou a través do correo electrónico [pel@dacoruna.gal](mailto:pel@dacoruna.gal).

**A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento:** solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

### É preciso certificado dixital para presentar a solicitude?

Si, é preciso dispor de certificado dixital para presentar a solicitude. Este ano, as novas empresas, que non teñan dado de alta usuario e contrasinal, deberán entrar co Certificado dixital da entidade solicitante.

O resto de solicitantes de anos anteriores, que tiñan creado un usuario e unha contrasinal, é aconsellable que sigan facendo as solicitudes con ese usuario e esa contrasinal, a non ser que prefiran facelo co Certificado dixital co inconveniente de que no poderán visualizar nin tramitar o resto de solicitudes presentadas nos anos anteriores por estar feitas con usuario e contrasinal (a non ser que soliciten o cambio a través da plataforma SUBTeL, ou do Rexistro Xeral da Deputación).

A documentación deberá ser asinada, tanto certificacións como declaracións, como se indica:

- **No caso das persoas físicas:** pola **persoa autónoma** ou ben polo seu **representante legal autorizado/a**.
- **No caso das persoas xurídicas:** polo/a **administrador/a** ou **representante legal autorizado/a**.

### Que tipo de procedemento se segue para conceder estas axudas?

O procedemento de concesión da subvención recollida nesta base tramitarase en **régime de concorrencia competitiva**, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ten a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a **comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras** e na súa posterior convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Os criterios de valoración das solicitudes poden consultarse neste documento nos apartados relativos a cada unha das axudas.

#### **Son compatibles estas axudas con outras?**

- **As subvencións PEL son compatibles entre si.**
- **Compatibilidade con outras axudas da Deputación:** As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto.
- **Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:**
  - A axuda **PEL-Emprende Investimento** será **compatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos**.
  - A axuda **PEL-Autónomos** é **incompatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos** subvencionados por esta convocatoria.
  - A axuda **PEL-Pemes Creación e Ampliación** é **compatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos**.
  - A axuda **PEL-Pemes Mantemento** é **compatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos**.

**En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.**

#### **Estas axudas están suxeitas ao réxime de minimis?**

**Si.** Os solicitantes deben ter en conta os límites establecidos na dita normativa vixente e a Deputación na fase de solicitude da axuda pedirá que os solicitantes aporten unha Declaración de minimis na que se constate que o importe total da axudas de minimis concedida durante o período do exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores, non están por encima dos umbrais establecidos na dita normativa de minimis.

#### **Cal é o prazo de concesión destas axudas?**

O **prazo máximo para resolver será de 9 meses** a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **A resolución de concesión é definitiva?**

**A concesión será definitiva.** A Presidencia da Deputación ditará **resolución de concesión**, que deberá ser notificada aos/ás interesados/as mediante a **publicación no Boletín Oficial da Provincia** e deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.



## AXUDAS PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2024

### A quen van dirixidas estas axudas?

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade **con ánimo de lucro** e reúnan os seguintes **requisitos** con anterioridade á data de fin de presentación das solicitudes:

- Ter o domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo\* **nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 10.000 habitantes** conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estadística e segundo o recollido no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

(\*Poderán ser subvencionados aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fora dun local determinado ou non conste onde se desenvolve).

- **No caso de persoas autónomas**, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.
- **No caso de persoas xurídicas**, que a data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente, sexa anterior á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

### Hai algún cambio nos destinatarios respecto a outros anos?

Si. Este ano non se esixe antigüidade nin máxima nin mínima. Van destinadas a todas as empresas que teñan o seu enderezo fiscal e, alomenos un centro de traballo, nun concello de menos de 10.000 habitantes.

### Que entidades se atopan excluídas destas axudas?

- As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.
- As asociacións, autónomos colaboradores, as corporacións de dereito público (Confrarías...), as congregacións relixiosas e os autónomos societarios, entendendo como autónomo societario, aqueles que están obrigados a alta no sistema especial de traballadores por conta propia, segundo o recollido no artigo 305 do TRLXSS, letras b) c), d) e e)
- Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade
- As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censual da entidade.

### Que conceptos de gasto son subvencionables?

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que **resulten estritamente necesarios** para o desenvolvemento da/s actividade/s subvencionada/s dada/s de alta no Certificado de situación censual e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:



Conta	Descrición da conta
206	Aplicacións informáticas
213	Maquinaria
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información

#### Que teño que ter en conta respecto aos investimentos a realizar?

Con carácter xeral, quedan **expresamente excluídas** en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, portes, obras, reformas, reparacións, cubertas, carpas, alugueres, rotulacións, instalacións técnicas de climatización, iluminación ou telecomunicacións, páxinas web, hosting, dominios, mantementos das aplicacións informáticas, fundas de elementos subvencionables, protectores de pantalla, subscricións anuais, canóns, elementos de transporte, material funxible, prendas textís, artigos de decoración, espellos, televisores, reloxos intelixentes, elementos de iluminación, aparellos de climatización, sistemas de seguridade, telefonía, teléfonos móbiles e routers.

- Ha de tratarse de investimentos en elementos **novos, directamente relacionados coa actividade, non suntuarios e con prezos adaptados aos prezos do mercado**, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da xunta directiva, ou ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da xunta directiva **durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento**. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.
- **No caso de ordenadores, o importe máximo imputable por ordenador será 2.000 euros sen IVE** incluídos os periféricos **No caso de tablets, o importe máximo imputable por tablet será 500 euros máximo sen IVE.**

(O resto de equipos para procesos de información que se imputen con cargo á conta 217.- Equipos para procesos de información, distintos de ordenadores e tablets, imputaranse polo seu prezo de adquisición sen IVE sempre que cumplan o resto de requisitos).

- **No caso de aplicacións informáticas**, so serán subvencionables aquelas que acrediten o seu carácter permanente ou unha duración mínima de dous anos, aínda que so serán subvencionables os gastos correspondentes a anualidade 2024, quedando excluídas as cotas mensuais.

#### Podo incluír todas as facturas dos investimentos realizados?

Só se admitirán **cinco facturas máximo por concepto de gasto subvencionado** e os conceptos contables contidos nelas deben axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria. Non obstante, as facturas que conteñan pagos recibidos con anterioridade á entrega do ben facturado, entenderanse como unha soa aos efectos desta limitación. (Non se admitirán facturas cuxo importe total sexa inferior a 100 euros).

#### Son subvencionables bens de segunda man?

**NON.** Deben tratarse de investimentos en elementos novos, directamente relacionados coa actividade, non suntuarios e con prezos adaptados aos prezos do mercado, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da Xunta de Directiva, ou ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva



durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.

#### Cal é o importe subvencionable?

- Importe mínimo da subvención a conceder (70% do orzamento mínimo de gasto): **2.450,00 €.**
- Importe máximo da subvención a conceder (70% do orzamento máximo de gasto): **17.500,00 €.**
- Orzamento mínimo de gasto de **3.500,00 € (\*)**
- Orzamento máximo de gasto de **25.000,00 € (\*)**.

*(\*)Excluído o IVE no caso de que sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.*

#### Cal é o período subvencionable?

Os investimentos subvencionables serán aqueles realizados **entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**. Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado.

No entanto, naqueles casos nos que os investimentos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvencións, poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2025, sempre que demostre que o investimento realizouse dentro da anualidade 2024.

#### Que criterios de valoración se teñen en conta para puntuar a solicitude?

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN
1	<b>Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa</b>  Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)  <b>(Máximo 16 puntos)</b>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
2	<b>Actividade económica do solicitante</b> Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante.  Datos referidos á data de publicación da	Solicitantes de sectores estratéxicos(só aqueles indicados no Anexo 2 destas bases)	3



CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN
	convocatoria. <b>(3 puntos)</b>		
3	<b>Tipo de solicitante</b> Datos referidos á data de publicación da convocatoria. <b>(5 puntos)</b>	Persoas autónomas Cooperativas Sociedades laborais	5
4	<b>Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Emprende Investimento 2023 (*)</b> <b>(2 puntos)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL Emprende Investimento 2022.	2
5	<b>Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria de PEL Emprende Investimento(**)</b> <b>(4 puntos)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda en ningunha convocatoria de PEL Emprende Investimento	4

**(\*) Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/las que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL-Emprende Investimento 2023.

**(\*\*) Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión nalgunha convocatoria anterior de Pel-Emprende Investimento.

#### Que forma de pago dos bens se admiten?

A entidade beneficiaria deberá pagar as facturas, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo), o concepto, o importe e a data de pago. **En ningún caso se admitirá o pago en efectivo.**

No caso de que a entidade beneficiaria da axuda pague unha parte da factura en efectivo será invalidado a totalidade do gasto.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado, aínda que os pagos poderán realizarse como data límite ata a presentación da xustificación da axuda.

#### Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

O prazo de xustificación da axuda PEL-Emprende Investimento rematará o día **31 de xaneiro de 2024**.

#### Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se esixen nesta liña de axudas?

Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención **por un período mínimo de dous anos** desde a adquisición do ben.





### Se admite a subcontratación dos investimentos?

Os/as beneficiarios/as terán que realizar por si mesmos a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando ditos medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios, sen que poida utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo que non poden prover por eles mesmos, aumentando así o prezo final facturado.

Para a subcontratación das actividades estarase ao recollido na Base 10.-Subcontratación das Bases Xerais.

### Que se entende por operacións vinculadas?

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento, sen prexuízo de que as bases específicas recollan as adaptacións necesarias de acordo co obxecto da subvención.

## AXUDAS PEL-AUTÓNOMOS 2024

### A quen van dirixidas estas axudas?

Estas axudas **van dirixidas a persoas autónomas** que desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro, e reúnan os seguintes **requisitos** con anterioridade á data de fin de presentación das solicitudes :

- Ter o **domicilio fiscal** nun Concello da provincia da Coruña **de poboación menor a 20.000 habitantes** conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estadística e segundo o recollido no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- **Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro** réxime especial ou sistema especial **por conta propia** da Seguridade Social, cunha **antigüidade** ininterrompida **máxima de 5 anos** anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas. Considérase que non existe interrupción cando entre o cese e o novo alta transcorran menos de 12 meses.
- Estar dado de **alta** nalgunha actividade **empresarial** e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria como titular.
- Ter unha **antigüidade máxima de 5 anos de exercicio ininterrompido na actividade** empresarial que desenrola segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade. A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese e novo alta transcorran menos de 12 meses.
- **Non recibir na anualidade 2024 ningunha axuda ou concepto similar** conforme a definición contida na base 8. Compatibilidade/incompatibilidade, por parte de ningunha entidade ou organismo público para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social.

No caso de que se perciban axudas durante unha parte do ano, poderá solicitarse por aquelas mensualidades onde non se perciban tales axudas sempre que o número de ditas mensualidades sexa igual ou superior a seis meses.

### Que entidades están excluídas destas axudas?

Exclúense dos destinatarios destas axudas **os/as autónomos/as colaboradores, os mutualistas de colexios profesionais e os autónomos societarios.**



Enténdense como autónomos societarios aqueles que participando na titularidade ou administración dunha entidade empresarial societaria estean obrigados a alta no sistema especial de traballadores por conta propia ou Autónomos, segundo o recollido no Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral da seguridade Social e a súa normativa de desenrolo, e non desempeñen unha actividade empresarial independente e separada da desenvolvida pola persoa xurídica na que participan.

Entenderase como mutualistas de colexios profesionais aqueles que se encontren de alta en Mutualidades profesionais como sistema alternativo ao alta obrigatoria no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

### Que conceptos de gasto son subvencionables?

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, **as cotas mensuais de autónomos correspondentes ao ano 2024 que non reciban ningún tipo de axuda ou calquera outro concepto similar** definido na base 8. Compatibilidade/incompatibilidade destas bases específicas, por parte de ningunha entidade ou organismo público nin privado.

En todo caso non serán subvencionables as cotas inferiores a 200 € nin as correspondentes a períodos inferiores a un mes natural.

### Cal é o importe e período o subvencionable?

A axuda consistirá **nunha contía fixa de 200 € por cada mes** nos que se cumpran os requisitos **ata un máximo de 12 meses e un mínimo de 6 meses** correspondentes ao **período subvencionado 2024**.

Contía <b>máxima a solicitar</b> (no caso de solicitar as 12 cotas)	2.400 €
Contía <b>mínima a solicitar</b> (no caso de solicitar 6 cotas)	1.200 €
Contía variable (no caso de solicitar máis de 6 e menos de 12)	200 * número de meses non subvencionados/bonificados

Se subvencionarán exclusivamente as cotas mensuais correspondentes á anualidade 2024.

### Que criterios de valoración específicos se teñen en conta para puntuar a solicitude?

CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-AUTÓNOMOS			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN
1	<b>Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa</b> <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)</i> <b>(Máximo 16 puntos)</b>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	<b>Actividade económica do solicitante</b> Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante.  Datos referidos á data de publicación da convocatoria.	Solicitantes de sectores estratéxicos(só aqueles indicados no Anexo 2 destas bases)	3



CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-AUTÓNOMOS			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN
	(3 puntos)		
3	<b>Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-Autónomos 2023 (*)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL- Autónomos 2023.	2
4	<b>Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria de PEL-Autónomos (**)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda en ningunha convocatoria de PEL-Autónomos	4

(\*) **Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/las que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL-Autónomos 2023.

(\*\*) **Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión nalgunha convocatoria anterior de Pel- Autónomos.

#### Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

O prazo de xustificación da axuda **rematará o 31 de marzo de 2025**, ás 14:00 horas

#### Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se esixen nesta liña de axudas?

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL-Autónom@s, ademais dos compromisos sinalados na base 4ª da Parte Xeral, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- As persoas autónomas beneficiarias desta liña, deberán adquirir o compromiso de estar dado de alta e **manter a actividade como mínimo ata o 31 de decembro de 2024**
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, nin aumento do importe concedido.

#### AXUDAS PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2024

##### A quen van dirixidas estas axudas?

Estas axudas van dirixidas a **pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estén desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro** e reúnan os seguintes requisitos **con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes** da axuda:

- **Ter o domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes** conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estadística e segundo o recollido no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).



Poderán ser subvencionados aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fora dun local determinado ou non conste onde se desenvolve.

- **No caso de persoas autónomas**, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.
- **No caso de persoas xurídicas**, estar inscritos no Rexistro mercantil ou no Rexistro público correspondente.
- **Estar dado de alta nalgunha actividade empresarial** e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

#### Que entidades están excluídas destas axudas?

As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

As asociacións, autónomos colaboradores, os autónomos societarios, corporacións de dereito público (confrarías), e as congregacións relixiosas. Entendendo como autónomo societario, aqueles que están obrigados á alta no sistema especial de traballadores por conta propia, segundo o recollido no artigo 305 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, letras b), c), d) e e).

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e viceversa.

As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censual da entidade.

#### Que conceptos de gasto son subvencionables?

Subvencionaranse os **custes salariais e de seguridade social** da contratación dun/dunha traballador/a a xornada completa ou parcial **durante un período máximo de 12 meses dentro da anualidade 2024.**

Os conceptos de gastos subvencionables nesta liña de axudas son os seguintes, de acordo coa Resolución da presidencia nº 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Os gastos subvencionables comprenden os **soldos e salarios**, as **cotas empresariais á Seguridade Social**, así como **outros gastos sociais** relativos á prestación por **Incapacidade Temporal (IT)** e os **derivados da situacións de permiso de maternidade/paternidade a cargo do empresario.**

### Cal é o importe e o período subvencionable e a contía?

O período subvencionable comprenderá gastos salariais e de seguridade social das contratacións iniciadas na anualidade 2024 e que teñan unha duración mínima de 6 meses.

Subvencionaranse exclusivamente os meses da contratación incluídos dentro da anualidade 2024.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a contratación **dun/unha traballador/a** durante un **período de 12 meses**, durante os cales a subvención cubrirá como máximo o **70%** dos custos salariais e de seguridade social da persoa traballadora. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero **a subvención cubrirá unicamente os custos correspondentes aos meses do contrato incluídos dentro da anualidade 2024.**

As entidades poderán presentar un orzamento estimado mínimo de gasto de 1.428,58 € e un máximo de 21.428,58 €, do cal poderán solicitar, como máximo, o 70%.

Importe estimado do orzamento de gastos	Mínimo: 1.428,58 € Máximo: 21.428,58 €
Importe da subvención a conceder	Mínimo: 1.000 € Máximo: 15.000 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 70 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como máximo do 0.70

A **contía máxima** da subvención a conceder será o 70% do orzamento de gastos co límite de **15.000,00 €** para as contratacións a xornada completa ou a **parte proporcional correspondente** naquelas contratacións realizadas a tempo parcial.

### Que tipo de contrato debe realizarse e qué xornada de traballo debe ter o traballador?

O contrato deberá realizarse **nas modalidades previstas legalmente independentemente do tipo de xornada (a xornada completa ou xornada parcial)** e para todos os efectos rexerese pola lexislación laboral vixente.

Quedan **excluídos** destas axudas e non serán subvencionados os **contratos fixos-descontinuos**.

### Que duración debe ter o contrato realizado co/coa traballador/a?

O contrato **deberá formalizarse por unha duración mínima de 6 meses**.

No caso dunha contratación realizada na segunda metade do ano 2024, o contrato de traballo deberá formalizarse por unha duración mínima de 6 meses, sendo subvencionables unicamente os gastos de 2024.

### Que criterios de valoración se teñen en conta para puntuar a solicitude?

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un Check-List de valoración dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación total das solicitudes obtense mediante a suma automática da puntuación dos criterios de valoración indicados a continuación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTA CIÓN
1	<b>Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa</b> Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE) <b>(Máximo 16 puntos)</b>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	<b>Actividade económica do solicitante</b>  Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante  Datos referidos á data de publicación da convocatoria.  <b>(3 puntos)</b>	Solicitantes de sectores estratéxicos, (só aqueles indicados no Anexo 2 destas bases)	3
3	<b>Tipo de solicitante</b> Datos referidos á data de publicación da convocatoria. <b>(5 puntos)</b>	Persoas autónomas	5
		Cooperativas	
		Sociedades laborais	
4	<b>Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2023 (*)</b> <b>(2 puntos)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL- Pemes Creación e Ampliación 2023.	2
5	<b>Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria de PEL- Pemes Creación e Ampliación (**)</b> <b>(4 puntos)</b>	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda en ningunha convocatoria de PEL- Pemes Creación de emprego	4

(\*) Non obterán puntuación neste apartado aqueles/las que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL- Pemes Creación e Ampliación 2023.



(\*\*) **Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión nalguna convocatoria anterior de Pel-Pemes 2017, Pel-Pemes Creación e Ampliación 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023.

#### Que forma de pago das nóminas e seguros sociais se admiten?

A entidade beneficiaria deberá pagar ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago, coas seguintes matizacións:

- O pago de parte dun gasto concreto en efectivo invalidará a totalidade dese gasto.
- Para os gastos que non excedan de 150€ admitiranse os pagamentos en metálico

#### Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

O/a beneficiario/a da axuda deberá xustificar **a través da plataforma telemática SUBTeL** os gastos relativos aos meses de contrato da anualidade 2024.

O prazo de xustificación **finalizará o 28 de febreiro de 2025**.

No caso de que ao beneficiario se lle teña concedido un importe de subvención correspondente a un contrato a xornada completa e se comprobe na fase de xustificación de gastos que se realizou un contrato a xornada parcial reducirase o importe a pagar, adaptando o mesmo en función do número de horas semanais realizado.

#### Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se esixen nesta liña de axudas?

Os compromisos específicos a ter en conta son, entre outros, os seguintes:

- **Se a entidade/persoa foi beneficiaria desta axuda na convocatoria anterior PEL-Pemes Creación e Ampliación 2023, debe constar de alta no seu cadro de persoal o posto subvencionado nesa convocatoria durante todo o período subvencionado.** No caso de que a entidade/persoa beneficiaria renunciase á dita axuda ou se producira unha perda de dereito ao cobro, non se aplicará esta obriga. Tampouco se aplicará no suposto de falecemento do/a traballador/a, incapacidade laboral permanente ou pase á situación de pensionista.
- **Manter o nivel de emprego** existente na empresa beneficiaria, desde a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes e durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento **cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente no momento de finalización do prazo de presentación das solicitudes.** No caso daquelas contratacións realizadas antes da





data de finalización do prazo de presentación das solicitudes, a obriga do mantemento do emprego na empresa será desde o momento da contratación do/a traballador/a subvencionado/a e ata a finalización do período subvencionado.

#### **Que sucede se se produce a extinción da relación laboral co/coa traballador/a?**

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as poderán proceder a realizar **ata un máximo de dúas novas contratacións dentro da anualidade 2024** no caso de que se trate dunha por baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/cuidado de fillos, baixa por coidado de familiares, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxetivas empresa, baixa por despido por causas obxetivas traballador/a.

Os/as beneficiarios/as incurso nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral indicados no parágrafo anterior que procedan a realizar unha nova contratación, deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a tal e como se recolle no Anexo 1. Documentación da xustificación.

A/as nova/s contratación/s debe cubrir o posto ata completar polo menos o período mínimo de seis meses de duración da contratación esixido nestas bases.

En canto ao prazo para contratar ao/á traballador/a substituto/a éste poderá comezar dentro do período de 1 mes antes da extinción da relación laboral anterior.

#### **Que sucede se o/a traballador/a contratado/a incorre en Incapacidade Temporal (IT) ou en situación de permiso de maternidade/paternidade?**

No caso de que o/a traballador/a incorra en incapacidade temporal por enfermidade, accidente ou en situación de permiso de maternidade/paternidade o/a beneficiario/a poderá proceder a contratar outro/a traballador/a para substituír temporalmente ao/á traballador/a incurso/a neses supostos e sempre que a substitución se realice na anualidade 2024.

**Os gastos de ambos/as traballadores/as (os do/a traballador/a substituto/a e os gastos do/a traballador/a incurso en incapacidade temporal ou supostos de maternidade/paternidade) poderán ser imputados na xustificación de gastos** que presente a entidade beneficiaria.

Para poder acreditar a situación de incapacidade temporal ou situación de permiso de maternidade/paternidade, o beneficiario deberá achegar a documentación recollida no Anexo 1. Documentación da xustificación.

### **AXUDAS PEL-PEMES MANTEMENTO 2024**

#### **A quen van dirixidas estas axudas?**

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as, **beneficiarios/as da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2023, que realizaron a contratación de maneira indefinida inicialmente ou foi transformada a indefinida con carácter previo á presentación da**





**solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2024 e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria, reúnan o seguinte requisito:**

- Manter o domicilio fiscal na provincia da Coruña nun concello con poboación inferior a 20.000 habitantes.

#### Que conceptos de gasto son subvencionables?

Subvencionaranse os **custos de mantemento no ano 2024 do posto de traballo subvencionado a través da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2023**, que foi creado inicialmente como indefinido ou transformado a indefinido con carácter previo á presentación da solicitude de PEL-Pemes Mantemento 2024.

Os conceptos de gasto subvencionables nesta liña de axudas son os seguintes, de acordo coa Resolución da Presidencia nº 2016/12, do 4 de xaneiro de 2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Os gastos subvencionables comprenden os **soldos e salarios**, e a **seguridade social a cargo da entidade** así como **outros gastos sociais** relativos á prestación por Incapacidade Temporal (IT) e os derivados das situacións de permiso de maternidade/paternidade a cargo do empresario.

#### Cal é o importe e o período subvencionable?

O período subvencionable será de **12 meses (de xaneiro a decembro de 2024)**, polo que se subvencionarán exclusivamente os gastos salariais e de seguridade social a cargo da entidade correspondente aos meses do mantemento da contratación durante os 12 meses incluídos dentro da anualidade 2024.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para o mantemento do posto de traballo indefinido durante un período de 12 meses na anualidade 2024, por un importe máximo do **50% dos custes estimados do mantemento da contratación**.

A contía máxima da subvención a conceder será o 50% dos custes estimados do mantemento da contratación co seguinte límite:

<b>Importe do orzamento de gastos</b>	<b>Mínimo: 2.000 €</b> <b>Máximo: 22.000 € (colectivo vulnerable) 20.000 € (colectivo non vulnerable)</b>
<b>Importe da subvención a conceder</b>	<b>Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa no que a persoa contratada pertenza a algún dos colectivos vulnerables</b> (inscrito como desempregado de longa duración nos

	Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional): <b>Mínimo: 1.000 €</b> <b>Máximo: 11.000 €</b>
	Mantemento dun <b>contrato indefinido a xornada completa:</b> <b>Mínimo: 1.000 €</b> <b>Máximo: 10.000 €</b>
<b>Importe máximo a solicitar</b>	<b>Ata o 50 % do orzamento de gastos subvencionable</b>
<b>Coeficiente de financiamento</b>	<b>Como máximo do 0.50</b>

A **contía máxima** da subvención a conceder será o 50% dos custes estimados de contratación cos límites de **11.000 € (colectivo vulnerable)** e **10.000 € (colectivo non vulnerable)** para as contratacións a xornada completa **ou a parte proporcional correspondente** naquelas contratacións realizadas a **tempo parcial**.

**No caso de que se conceda ao beneficiario o importe máximo de 11.000 euros polo mantemento dun contrato indefinido a xornada completa dun traballador de colectivo vulnerable e durante a fase de xustificación a unidade xestora da axuda comprobase que finalmente non realizou o mantemento nesa modalidade o importe a pagar se reducirá a 10.000 euros ou proporcionalmente** en función do tipo de xornada (parcial ou completa). En todo caso non se incrementará o importe da contía concedida.

#### **Que criterios de valoración se teñen en conta para puntuar a solicitude?**

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

<b>CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-PEMES MANTENIMENTO</b>			
	<b>CRITERIOS DE VALORACIÓN</b>	<b>ASPECTOS A VALORAR</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
1	<b>Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa</b>  <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)</i> <b>(Máximo 16 puntos)</b>	Menor ou igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	<b>Actividade económica do solicitante</b>  Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante  Datos referidos á data de publicación da convocatoria.	Solicitantes de sectores estratéxicos, (só aqueles indicados no Anexo 2 destas bases)	3



CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN
	(3 puntos)		
3	<b>Tipo de solicitante</b> Datos referidos á data de publicación da convocatoria.	Autónomas Cooperativas Sociedades laborais	5
4	<b>Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-Pemes Mantemento 2023 (*)</b>	O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria da axuda PEL- Pemes Mantemento 2023.	2
5	<b>Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria da axuda PEL-Pemes Mantemento (**)</b>	O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda en ningunha convocatoria da axuda PEL-Pemes Mantemento	4

(\*) **Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL- Pemes Mantemento 2023.

(\*\*) **Non obterán puntuación neste apartado** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión nalgunha convocatoria anterior de Pel- Pemes Mantemento.

#### Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

Unha vez transcorrido o período subvencionable, o/a beneficiario/a disporá dun prazo de xustificación, que será **ata o 28 de febreiro de 2025**.

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditados o cumprimento dos requisitos e a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

#### Que forma de pago se admite?

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación recollida no Anexo 1. Documentación.

A entidade beneficiaria **deberá pagar aos provedores de bens e servizos así como ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordénante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago, coas seguintes matizacións:**

- O pago de parte dun gasto concreto en efectivo invalidará a totalidade dese gasto.
- Para os gastos que non excedan de 150€ admitiranse os pagamentos en metálico.

No caso de que ao beneficiario se lle teña concedido un importe de subvención correspondente a un contrato a xornada completa e se comprabe na fase de xustificación de gastos que se realizou un contrato a xornada parcial reducirase o importe a pagar, adaptando o mesmo en función do número de horas semanais realizado.

### Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se esixen nesta liña de axudas?

Os compromisos específicos a ter en conta son, entre outros, os seguintes:

- **Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de finalización do período subvencionado en PEL-Pemes Creación e Ampliación 2023 e durante todo o período subvencionado 2024.** Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado PEL-PEMES Mantemento 2024 **sexa igual** ao existente na finalización do período subvencionado da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2023.

### Que sucede se se produce a extinción da relación laboral co/coa traballador/a?

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as poderán proceder a realizar ata un máximo de **unha nova contratación dentro da anualidade 2024** no caso de que se trate dunha baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/cuidado de fillos, baixa por cuidado de familiares, baixa por despido colectivo, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas empresa, baixa por despido por causas obxectivas traballador/a.

Os/as beneficiarios/as incurso nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a tal e como se recolle no Anexo 1. Documentación da xustificación.

En canto ao prazo para contratar ao/á traballador/a substituto/a este poderá comezar durante o período de 1 mes antes da extinción da relación laboral anterior.

### Que sucede se o/a traballador/a contratado/a incorre en Incapacidade Temporal (IT) ou en situación de permiso de maternidade/paternidade?

No caso de que o/a traballador/a incorra en incapacidade temporal por enfermidade, accidente ou en situación de permiso de maternidade/paternidade o/a beneficiario/a poderá proceder a contratar outro/a traballador/a para substituír temporalmente ao/á traballador/a incurso/a neses supostos e sempre que a substitución se realice na anualidade 2024.

**Os gastos de ambos/as traballadores/as (os do/a traballador/a substituto/a e os gastos do traballador incurso en incapacidade temporal ou supostos de maternidade/paternidade) poderán ser imputados na xustificación de gastos que presente a entidade beneficiaria.**



Para poder acreditar a situación de incapacidade temporal ou situación de permiso de maternidade/paternidade, o beneficiario deberá achegar a documentación recollida no Anexo 1. Documentación da xustificación.